



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE SETEMBRO DE 2012

LICENZAS

APERTURAS.-

LAP/331/2008.- A Y R COMPLEMENTOS SL.- Licenza de obra de rehabilitación integral de edificio e actividade de pensión de 2 estrelas con cafetería en Praza da Pescadería Vella nº 1.

EDIFICACIÓN.-

LIC/599/2012.- MANUEL VILA DEAN.- Construción de edificio de vivendas en Rúa de Conxo 31.

LEGALIZACÓNS.-

LIC/1152/2012.- MANUEL MIGUEZ BELLO. Legalización de obras realizadas de substitución de edificación auxiliar en Lugar de Quintas 14.

CORRECCIÓN DE ERRO.-

LAP/284/2010.- LOCALES, ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES S.A. A legalización e ampliación da nave debe autorizarse a Nome de Locales, Actividades Comerciales SA (LIC/1822/2010) Ee a licenza de apertura de nave industrial para almacén e venda por xunto de produtos de alimentación a favor de Mercash SL.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación, Vienda e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

A XGL aprobou o pago da axuda para a execución do programa para o mantemento exterior e elementos comúns dos edificios da Cidade Histórica por un importe de 5.103,22 €.

6.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo, no imposto de vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre contruuccións, instalacións e obras, no imposto sobre actividades económicas, exención na taxa por licenzas urbanísticas, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Resólvense as propostas relativas aos beneficios fiscais.

94.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Reforzo do firme da vía pública municipal en Eixo de Arriba-Pereiras (Eixo), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou a proposta do Concelleiro de Medio Rural adxudicar á Empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. as obras de reforzo do firme en Eixo de arriba por un importe de 44.512,33 €.

95.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Reforzo do firme da vía pública municipal na M-27A-IV en Lavacolla (Sabugueira), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Medio Rural, adxudicar á Empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. as obras de reforzo do firme na vía pública M-27A-IV en Lavacolla (Sabugueira) por un importe de 63.866,27 €.

96.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Barciela e Polveira (Barciela), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Medio Rural, adxudicar á Empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. as obras de pavimentación en Barciela e Polveira por un importe de 71.687,88 €.

97.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Reforzo do firme da vía pública municipal na M-14-IV en Vilar de Outeiro (Berdía), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Medio Rural, adxudicar á EXOGA, S.L. as obras de reforzo do firme na vía pública M-14-IV EN Vilar de Outeiro (Berdía) por un importe de 45.375,00 €.

98.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Garabal, Barral e Pereiras (San Miguel dos Agros), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Medio Rural, adxudicar á Empresa Ponciano Nieto, S.L. as obras de pavimentación na vía pública nos núcleos de Garabal, Barral, e Pereiras, por un importe de 108.484,47 €.

99.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras de Reforzo do firme da vía pública municipal na M-36-V (Arins), incluídas no POS 2012 da Deputación.

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Medio Rural, adxudicar á EXOGA, S.L. as obras de reforzo do firme na vía pública M-36-V en Arins por un importe de 80.352,22 €.

100.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución do contrato ae execución das obras de restauración da fonte situada na praza de San Roque.

Apróbbase a proposta.

101.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación de recoñecemento de obrigas; base 18.8 das bases de execución do orzamento do Concello para o ano 2012.

Apróbbase a proposta.

102.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á adxudicación do servizo de mantemento e conservación dos terreos de xogo dos campos de fútbol de San Lázaro I, San Lázaro II e zonas verdes anexas do campo de Santa Isabel e San Lázaro (SERGAS).

A XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Deportes adxudicar os servizos de mantemento e conservación dos terreos de xogo mencionados no título desta proposta á empresa Jardinería Arce, S.L. por un importe de 49.156,67 €.

103.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axuda para rehabilitación de vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre, incluídas na 4ª fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago de Compostela.

Aprobáronse de maneira definitiva, a proposta da Concelleira de Urbanismo, as axudas para as vivendas da Área de rehabilitación integral de Vista Alegre por un importe de 71.0470,00 €.

104.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á reclamación contra o pagamento de complemento de produtividade do primeiro semestre 2012

Apróbbase a proposta.

105.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de incentivos por xubilación anticipada.

Apróbbase a proposta.

106.- Proposta do concelleiro de Mobilidade relativa á adxudicación do suministro de 3 de autobuses para a flota de transporte urbano, financiado con fondos comunitarios FEDER.

A proposta do Concelleiro de Mobilidade aprobouse adxudicar á Empresa Talleres La Campiña, S.L. un contrato para o subministro de 3 autobuses para a flota de transporte urbano, financiados con Fondos comunitarios FEDER, por un importe de 600.000,00 €.

107.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á cesión gratuita a favor da Comunidade Autónoma de Galicia de parcela para Escola Oficial de Idiomas.

A XGL aprobou a cesión da parcela 17-DP-2, DI-2 do proxecto de reparcelación do polígono 2 do SUP-5 Choupana, en favor da Comunidade Autónoma para a implantación da nova Escola Oficial de Idiomas.